



**RESUMO 2º TR.**  
**2021/22**  
**SAN TOMÉ 2**

Ó LONGO DESTAS PÁXINAS DEIXÁMOSVOS UNHA PEQUENA MOSTRA DE TODO O VIVIDO, EXPERIMENTADO, APRENDIDO E TRABALLADO NA ESCOLA DURANTE O SEGUNDO TRIMESTRE.

DESPOIS DUNS DÍAS DE DESCANSO VOLTAMOS ÁS AULAS CON MÁIS GANAS QUE NUNCA, COAS PILAS BEN CARGADAS E CON AFÁN DE CONTAR TODO O ACONTECIDO EN VACACIÓNS. A SORPRESA FOI MÁXIMA Á ENTRADA NA ESCOLA POIS... PARECE QUE OS REIS MAGOS PASARON POR AQUÍ E NOS A DEIXARON UNS AGASALLOS.



UNHA VEZ COMEZADA A NOSA ACTIVIDADE XA NON PODÍAMOS PARAR ASÍ QUE VOLVEMOS ÁS NOSAS RUTINAS DE AULA ATOPÁNDONOS CON NOVAS PROPOSTAS, NOVOS TALLERES, MOITO XOGO, INSTALACIÓNS, CONVIVENCIAS, SAÍDAS... UNHA GRAN VARIEDADE DE EXPERIENCIAS E VIVENCIAS CONECTADAS COA NOSA REALIDADE E CONTORNA (O INVERNO, O ENTROIDO, A CHEGADA DA PRIMAVERA...) QUE AGORA PASAMOS A RESUMIR.

# ZONA DE LINGUAXE

Ó INTERACTUAR COA LINGUAXE EN DIFERENTES FORMATOS PERMITIRALLE ÓS CATIVOS, ENRIQUECER O SEU VOCABULARIO E A SÚA CAPACIDADE DE LINGUAXE.

NA ZONA DE LINGUAXES, PRETENDEMOS UN ACERCAMENTO Á LECTOESCRITURA RESPECTANDO O RITMO E MADUREZ DO ALUMNADO. TRABALLANDO ASPECTOS PRIMORDIAIS COMO É A PSICOMOTRICIDADE FINA, A DIRECCIONALIDADE, A LATERALIDADE, A CONCIENCIA FONOLÓXICA, RECOÑECEMENTO DE DIFERENTES LETRAS, RELACIÓN DO SON COA GRAFÍA...

ASÍ NESTE ESPAZO, CONTAMOS CON LETRAS MÓBILES, SELOS, LETRAS DE LIXA, EN SURCO, RESAQUES MONTESSORI, EMPREGO DA RULETA.....PERMITINDO UNHA ESCRITURA LIBRE E CREATIVA OU A REALIZACIÓN DE TRAZOS LIBRES.

O DESENVOLVEMENTO DA LINGUAXE ESCRITA E ORAL, FAISE DUN XEITO CONSTRUTIVISTA RESPETANDO O RITMO DE CADA NENO/A SEN FORZAR OS TEMPOS DE APRENDIZAXE PARA ISO EMPREGAREMOS OS DIFERENTES TALLERES E PROPOSTAS.

NESTE TRIMESTRE CONTAMOS CON MATERIAL NOVO COMO:

## A CAIXA DE SONS:

FERRAMENTA DA PEDAGOXÍA MONTESSORI QUE FAVORECE A CORRESPONDENCIA ENTRE FONEMA E GRAFEMA DE XEITO MANIPULATIVO. TEÑEN UN CÓDIGO DE COR NO QUE AS VOGAIS SON REPRESENTADAS DE COR AZUL E AS CONSONANTES DE COR VERMELLA. FOMENTA A CONCIENCIA FONOLÓXICA QUE É DOS PRIMEIROS PASOS PARA O PROCESO DA LECTOESCRITURA QUE CONSISTE EN SER CONSCIENTE DOS SONS QUE PFORMAN AS PALABRAS. ESTA CAIXA TEN PEQUENOS CAIXÓNS ONDE METEREMOS MINIATURAS QUE TEÑEN POR INICIAL O SON QUE TERÁ REPRESENTADO FÓRA.



## AS LETRAS EN SURCO:

ESTAS LETRAS OCAS SON UNHA PREPARACIÓN PERFECTA PARA QUE OS MOVEMENTOS DE ESCRITURA SE REALICEN DUNHA MANEIRA MOI EXACTA E SERÁN DE GRAN AXUDA PARA QUE OS NENOS E NENAS DESENVOLVAN AS SÚAS **HABILIDADES DE ESCRITURA**. TANTO REALIZANDO O TRAZO COMO CUBRINDO O SURCO CON DIFERENTES MATERIAIS, SEMPRE SEGUINDO O TRAZO AXEITADO DA ESCRITURA. É UN MATERIAL EXCELENTE PARA **ACOMPANHAR A COMPRESIÓN E INTERIORIZACIÓN DAS PRIMEIRAS GRAFÍAS**.



GRAZAS ÓS DIFERENTES TALLERES, AFONDAMOS PRINCIPALMENTE NA LINGUAXE ORAL: ADQUISICIÓN DE VOCABULARIO, FAVORECER A ESCOITA, QUENDAS DE PALABRA... NESTE TRIMESTRE ALGÚNS DOS TALLERES TRABALLADOS ESTIVERON RELACIONADOS CO ENTROIDO, TRABALLANDO **COPLAS** DOS DIFERENTES **PERSONAXES DO ENTROIDO**, **POSTRES TÍPICOS DO ENTROIDO**, TRABALLAMOS **POEMAS DE ROSALÍA DE CASTRO** COMO POR EXEMPLO "O MOUCHO", AVANZAMOS NA **CONCIENCIA FONOLÓXICA** CO EMPREGO E USO DA CAIXA DE SONS E CO TALLER DE GLOBOS.



COMO EN ANTERIORES TRIMESTRES, SEGUIMOS CON DIFERENTES PROPOSTAS DE TRABALLO DESTA ZONA COMO FORON:

MOTRICIDADE FINA FACENDO BOLIÑAS DE PLASTILINA, COLOCÁNDOAS EN DIFERENTES ELEMENTOS DO INVERNO,



BINGO DO INVERNO CO USO DA RULETA,



GRAFISMOS FACENDO AS PERRUCAS DO ENTROIDO E CAMIÑOS ENTRE ELEMENTOS DE INVERNO.



TRAZO, COPIA DE VOCABULARIO DE INVERNO E DE ENTROIDO.

CLASIFICACIÓN DE DIFERENTES CAMPOS SEMÁNTICOS ROUPA, XOGUETES, COMIDAS E ANIMAIS.



BÚSQUEDA COA LUPA DAS DIFERENTES PERSONAXES DO ENTROIDO.



PREPARAMOS A MAN PARA A ESCRITURA E TRABALLAMOS AS FIGURAS XEOMÉTRICAS COS RESAQUES E O TRAZO DAS LETRAS COAS LETRAS DE LIXA.




EMPREGAMOS DIFERENTES MATERIAIS PARA TRABALLAR OS NOMES.

FAMILIARIZACIÓN COA FORMA E O SON DAS LETRAS, CO QUEBRACABEZAS DE LETRAS MAIÚSCULAS.



CONCIENCIA FONOLÓXICA: BÚSQUEDA DO SON INICIAL (RELACIONÁNDOO COA SÚA LETRA) E COMPOSICIÓN, CO ABECEDARIO MÓBIL, DE PALABRAS.



# ZONA DE LÓXICA MATEMÁTICA

NA ZONA DE APRENDIZAXE LÓXICA-MATEMÁTICA AS PROPOSTAS E TALLERES ESTIVERON ENFOCADOS A TRABALLAR DIVERSOS CONCEPTOS COMO SON: IDENTIFICACIÓN DE ATRIBUTOS, ORDENACIÓN, DIFERENCIACIÓN, A MEDIDA: LONXITUDE, CONTEO, DESCOMPOSICIÓN DE CANTIDADES E CONCEPTOS BÁSICOS DE XEOMETRÍA . ORGANIZADAS TENDO EN CONTA 3 NIVEIS DE APRENDIZAXE PARA RESPECTAR OS RITMOS E DESENVOLVEMENTO MADURATIVO DE CADA NENO E NENA.

NESTE TRIMESTRE CONTAMAS CON MATERIAL NOVO NESTA ZONA:

AS **BARRAS NUMÉRICAS VERMELLAS E AZUIS:**

DA PEDAGOXÍA MONTESSORI, AXUDAN A TRABALLAR ASPECTOS DAS MATEMÁTICAS DE XEITO MANIPULATIVO E VIVENCIAL COMO O CONCEPTO DE NÚMERO E CANTIDADE. PARA ISO PRIMEIRO DEBEN EXPLORAR O MATERIAL DE XEITO LIBRE, PERCATÁNDOSE DAS SÚAS CARACTERÍSTICAS.





### TABOAS DE SEGUIN

RECURSO DE PEDAGOXÍA MONTESSORI COMPOSTO POR DÚAS TABOAS CO NÚMERO 10 E 9 TARXETAS DE MADEIRA NUMERADAS DO 1 Ó 9. ESTE RECURSO AXUDA A COMPRENDER A RELACIÓN ENTRE NÚMERO E CANTIDADE PERO TAMÉN O CONCEPTO DE DECENA. PODE COMBINARSE CON OUTROS MATERIAIS PRESENTES NAS NOSAS AULAS COMO AS PERLAS MONTESSORI.

### ALFOMBRA DA SERIE NUMÉRICA

RECURSO MOI MOTIVADOR PARA INTERIORIZAR A ORDE DA SERIE NUMÉRICA, IDENTIFICAR NÚMEROS E INCLUSO ASOCIAR NÚMERO E CANTIDADE. TODO ISTO DE XEITO LÚDICO POIS PERMITE A REALIZACIÓN DE INFINIDADE DE XOGOS QUE COMBINAN AS MATEMÁTICAS CO MOVEMENTO E A ACTIVIDADE.



ALGUNHAS DAS PROPOSTAS DE TRABALLO DESTE TRIMESTRE FORON:

### ORDENACIÓN

# LÓXICA

**CUALITATIVA:**  
TAMAÑO E  
GRADACIÓN  
DE COR.

**CAMBIO ATRIBUTOS:** COR, TAMAÑO E/OU  
FORMA.

**CUANTITATIVA:**  
ORDENACIÓN POR  
CANTIDADE DE  
ELEMENTOS.



# EMPARELLAMENTO



CONTEO E ASOCIACIÓN CANTIDADE - NÚMERO.

# XEOMETRÍA



IDENTIFICACIÓN E TRAZADO DE FORMAS XEOMÉTRICAS



ORIENTACIÓN ESPACIAL E REPRODUCCIÓN DE PATRÓN



SERIE NUMÉRICA



ORIENTACIÓN ESPACIAL E FIGURAS XEOMÉTRICAS CO TANGRAM.



# MEDIDA

CHEO/BALEIRO



A MEDIDA DO TEMPO. SECUENCIAS TEMPORAIS.





ESTE MES LEVAMOS A CABO OS SEGUINTEs TALLERES DE LÓXICA MATEMÁTICA:

CADA TALLER DE LÓXICA MATEMÁTICA TRABALLA UNS CONTIDOS MOI CONCRETOS, COMEZANDO SEMPRE DUN XEITO VIVENCIAL, SENTINDO NO PROPIO CORPO O QUE ESTAMOS A TRABALLAR. SE É DE NUMERACIÓN E QUEREMOS CONTAR, PRIMEIRO NOS CONTAMOS NÓS, OS NENOS E AS NENAS QUE HAI NA CLASE, OS QUE ESTÁN DENTRO DUN ARO, ... ANTES DE PASAR Á FASE MANIPULATIVA (COAS MANS) ONDE CONTAREMOS DIFERENTES ELEMENTOS: TAPÓNS, PEDRIÑAS, POMPÓNS, PERLAS MONTESSORI,... PARA FINALMENTE PASAR DO VIVENCIADO E MANIPULADO Ó PENSAMENTO, FACENDO A REPRESENTACIÓN GRÁFICA, QUE PODE SER CON PLASTILINA, TÉMPERAS, PEZAS DE CONSTRUCCIÓN OU DE LAPIS E PAPEL, SENDO ESTA SEMPRE A ÚLTIMA, SEMPRE A MÁIS DIFÍCIL A ESTAS IDADES. NESTE TALLER TRABALLAMOS EN DESDOBRES, APROVEITAMOS QUE TEMOS APOIO DO MESTRE ANTONIO. O ALUMNADO DE 3 ANOS SUBE Á BIBLIOTECA E OS DE 4 E 5 QUEDAN NA NOSA AULA.

ESTE TRIMESTRE LEVAMOS A CABO OS TALLERES DE:

TALLERES DE IDENTIFICACIÓN DE ATRIBUTOS: INICIACIÓN Á NEGACIÓN.

TRABALLAMOS O USO CORRECTO DO SI E DO NON PARA DEFINIR GRUPOS OU CONXUNTOS, PRIMEIRO VERBALMENTE E DESPOIS, COS BLOQUES LÓXICOS E A INTRODUCCIÓN DAS ETIQUETAS NEGATIVAS. COMEZAMOS POR UNHA NEGACIÓN ATA COMPLICALO CON TRES.



TALLERES DE ORDENACIÓN CUANTITATIVA :

NESTE TALLER BUSCAMOS, ADEMAIS DO CONTEO, SER QUEN DE ORDENAR CANTIDADES, DE MENOR A MAIOR E DE MAIOR A MENOR, ASÍ COMO A IDENTIFICACIÓN DOS GRUPOS DE CANTIDADES CO SEU NÚMERO.



## TALLERES DE TRANSFORMACIONES:

PRACTICAR CAMBIOS DE CUALIDADES É A BASE PARA COMPRENDER O SIGNIFICADO DAS **OPERACIONES**. PARA ESTE TALLER EMPREGAMOS UNHA MÁQUINA TRANSFORMADORA QUE TEN 3 PARTES:

- UNHA SITUACIÓN INICIAL: OS DATOS (NA FASE VIVENCIAL OS PROPIOS NENOS E NA MANIPULATIVA UN BLOQUE DOS BLOQUES LÓXICOS (QUE PASA POLA ENTRADA(E)).
- UNHA SITUACIÓN FINAL: A PEZA QUE SAE POLA PORTA DE SAÍDA (S): O RESULTADO.
- UNHA ACCIÓN INTERMEDIA DE CAMBIO (MÁQUINA), É ONDE O NENO/A SE TRANSFORMA, PON ALGO NA CABEZA, NOS PÉS...(TEREMOS UNHA TARXETA QUE INDICA CAMBIO NA CABEZA E OUTRA DE CAMBIO NOS PÉS) E NA PARTE MANIPULATIVA O NENO/A ELIXE A PEZA CO CAMBIO DE ATRIBUTO QUE SE LLE PIDE (TARXETA ONDE SE INDICA CAMBIO DE COR, CAMBIO DE FORMA OU CAMBIO DE TAMAÑO). O/A NENO/A É O MAQUINISTA QUE ESTÁ DETRÁS DA MÁQUINA, ENCARGADO DE FACER O CAMBIO QUE DI A TARXETA.

VIVENCIAL: CAMBIO EN MIN.  
CAMBIO NA CABEZA



CAMBIO DE ATRIBUTO COS BLOQUES LÓXICOS.



CAMBIO DE 1 ATRIBUTO:  
A COR



CAMBIO DE 2 ATRIBUTOS:  
FORMA E TAMAÑO

### TALLERES DE XOGOS DE DIFERENZAS:

TRABALLAMOS COS BLOQUES LÓXICOS, COMPARAMOS DÚAS PEZAS, FIXÁNDONOS BEN NAS CUALIDADES COMÚNS E BUSCANDO AS QUE TEÑEN DIFERENTE. TRABALLAMOS CON 1 DIFERENZA, 2 E MESMO CON 3 . PODE SER **A COR, A FORMA,E/ OU O TAMAÑO**. NOS XOGOS DE DIFERENZAS NON SÓ É FACER CORRESPONDER UNHA FIGURA CON OUTRA, SENÓN DE IR POÑENDO AS PEZAS EN FORMA DE CADEA COMO NUN DOMINÓ COMPARANDO CADA UNHA COA SEGUINTE E POR CRITERIOS NON SÓ DUNHA DIFERENZA, SENÓN DE 2 OU 3.



#### CUALIDADES COMÚNS:

A MESTRA COLLE UN BLOQUE E PREGUNTA: QUEN TEN UNHA PEZA COA MESMA FORMA, COR OU TAMAÑO? O/A QUE A TEÑA A DEIXAN NO CHAN.



#### XOGO DE DIFERENZAS:

FACEMOS UN DOMINÓ, SÓ PODEMOS COLOCAR UNHA PEZA QUE TEÑA UNHA SOA DIFERENZA COA ÚLTIMA PEZA COLOCADA.

### TALLERES DE MEDIDA: LONXITUDE

NESTAS IDADES BÚSCASE UN COÑECEMENTO CLARO DA MAGNITUDE, NESTE CASO A **LONXITUDE**, BASEADO NAS NOCIÓNS DE EQUIVALENCIA E ORDE, E PRACTICAR **CLASIFICACIÓNS E ORDENACIÓNS**. ASÍ, ESTE TALLER O DEDICAMOS Á CLASIFICACIÓN DE ELEMENTOS SEGUNDO A SÚA LONXITUDE: LONGO/CURTO, COMPARACIÓN DE LONXITUDES TOMANDO UN ELEMENTO COMO REFERENCIA: **MÁIS LONGO QUE/MÁIS CURTO QUE**, ORDENACIÓN DE ELEMENTOS ATENDENDO Á SÚA LONXITUDE, **DE MAIOR A MENOR E DE MENOR A MAIOR**.



QUEN PERCORREU O CAMIÑO MÁIS LONGO? E O MÁIS CURTO?



FACEMOS CAMIÑOS MÁIS LONGOS QUE, E MÁIS CURTOS QUE O LAZO AZUL.

**TALLERES DE XEOMETRÍA:**

- **LIÑAS CURVAS/ LIÑAS RECTAS, LONXE/ PRETO**

TRABALLANDO CON CORDAS, BOAS DE ENTROIDO, CINTOS DE PANTALLAS, XIZ PARA DEBUXAR NO CHAN,... OS NENOS E NENAS ACABAN DISTINGUINDO INTUITIVAMENTE O CONCEPTO DE LIÑA RECTA E LIÑA CURVA.

APROVEITANDO ESAS LIÑAS QUE XA SABEMOS SE RECTAS OU CURVAS, XOGAREMOS A QUEN ESTÁ PRETO E QUEN LONXE.



PERCORREMOS LIÑAS RECTAS E LIÑAS CURVAS. QUEN TARDA MÁIS?

COAS BOAS DE ENTROIDO CREAMOS LIÑAS RECTAS E LIÑAS CURVAS.



REPRESENTAMOS AS LIÑAS VIVIDAS.



# ZONA DE CREACIÓN E SENSORIAL

NESTA ZONA XOGAN UN PAPEL FUNDAMENTAL AS SENSACIÓNS QUE OS NÓSOS NENOS E NENAS ADQUIREN A TRAVÉS DAS OBSERVACIÓNS, EXPERIMENTACIÓNS, MANIPULACIÓN E DESCUBRIMENTO.

POR ISO, ESTIMULAMOS TÓDOLOS SENTIDOS, ESPECIALMENTE O TACTO.

ESTA ESTIMULACIÓN SENSORIAL E PERCEPTIVA MATERIALÍZASE A TRAVÉS DE PROPOSTAS E TALLERES QUE PERMITAN FACER USO DAS DISTINTAS FORMAS DE EXPRESIÓN E COMUNICACIÓN, CONTRIBUÍNDOLLE DESTA MANEIRA, A UN DESENVOLVEMENTO INTEGRAL E HARMÓNICO DAS CRIATURAS NOS SEUS DIFERENTES ÁMBITOS DE DESENVOLVEMENTO: COGNITIVO, MOTOR, SOCIAL, AFECTIVO E EXPRESSIVO.

## OS TALLERES DESTE TRIMESTRE FÓRON:

- TALLERES DE INVERNO:

- PINTANDO EN PAPEL DE ALUMINIO:

APROVEITANDO QUE ESTAMOS NESTA ESTACIÓN, APROVEITAMOS PARA ELABORAR UNHA FOLERPA CON PAPEL DE ALUMINIO E LOGO PINTAMOS SOBRE ELA, FOI UNHA SENSACIÓN NOVA.



○ SOMOS BONECOS DE NEVE:

COAS MANS OU CON PINCEL, FACEMOS UNHA GRAN BOLA DE NEVE E LOGO LLE COLOCAMOS A CABEZA CON SOMBREIRO. UN LOGRADÍSIMO BONECO DE NEVE NOS QUEDOU, E QUE LLE POÑEMOS DE BRAZOS?



• TALLER DE ARTE CON HERVÉ TULLET. O GRAN ATASCO:

TALLER DE ARTE ONDE HAI QUE SEGUIR AS INSTRUCCIÓNS QUE DI O DIRECTOR/A DO TALLER, NESTE CASO HAI QUE ESTENDER PAPEFIS DE XEITO QUE SE ENTRECROCEN E COLOCAR UNHA SERIE DE OBSTÁCULOS, CADA ARTISTA TERÁ UN PINCES E CORES Á SÚA DISPOSICIÓN. SEGUNDO AS INSTRUCCIÓNS QUE SE VAIAN DANDO IRÁ PINTANDO POR EXEMPLO: IMAXINADE QUE O PINCEL É UN COCHE E QUE IDES DE VIAXE, NON SE PODE LEVANTAR DO PAPEL, E ...COIDADO COS OBSTÁCULOS, NON SE PODEN PINTAR (E NON OS PINTARON, DIFÍCIL FOI CONTROLAR O TRAZO PARA RODEALOS SEN LLES PASAR POR RIBA, PERO ... RETO SUPERADO!).



- TALLER DE ESTIMULACIÓN SENSORIAL: DOMINGO OLEIRO  
CON ESTE TALLER SIGNIFICAMOS O DOMINGO OLEIRO DO ENTROIDO DE XINZO DE LIMIA. MODELAMOS POTAS DE BARRO, SENTINDO AS SÚAS PROPIEDADES.



- TALLER DE ESTIMULACIÓN SENSORIAL: AS PANTALLAS  
A TRAVÉS DESTE TALLER, ESTIMULAMOS O SENTIDO DA VISTA E DO OÍDO CON ELEMENTOS DE CONTIDO VISUAL E SONORO, DESENVOLVENDO A MOTRICIDADE FINA E GROSA. ESCENIFICAMOS PARTE DO ENTROIDO DE XINZO DE LIMIA ELABORANDO UN CINTO CON CASCABEIS, QUE SUXEITAMOS Ó REDOR DA CINTURA, SOANDO CON FACILIDADE Ó TER MÁIS MOVEMENTO.



- TALLER PARAUGAS DE FITAS: ENTROIDO RIBEIRAO (OS VOLANTES)

NA SÚA IMPLEMENTACIÓN EXPERIMENTAMOS CON DIFERENTES ELEMENTOS DO DESEÑO DUN PARAUGAS DE FITAS. RECORTAMOS FITAS LONGAS DE PAPEL DE CORES E PEGÁMOLOS DE FORMA QUE COLGUEN POLOS LADOS, RECORTAMOS FLORES E MESMO LLE PEGAMOS UNHA BONECA. UNHA VEZ TERMINADO, DESFILAMOS E BAILAMOS CO PARAUGAS, COMO UN VOLANTE DE VERDADE!



- TALLER DE MADAMAS E GALÁNS:

POR UN DÍA VOLVÉMONOS ARTESÁNS DE **COBRES**, FIXEMOS OS NOSOS TRAXES E DECORAMOS OS SOMBREIROS DE **MADAMAS** E DE **GALÁNS**, ELEGANTÍSIMOS QUEDARON TODOS.





- ESTE TRIMESTRE PILLOUNOS TODO O INVERNO PERO TAMÉN NOS DEU TEMPO A DARLLE A BENVIDA Á PRIMAVERA, ASÍ DÉMOSLLE A BENVIDA A ESTA ESTACIÓN CHEA DE CORES CO TALLER DE PRIMAVERA EXPLOSIVA: TRAS UN PARLADOIRO SOBRE AS CORES QUE ATOPAMOS NA NATUREZA EN PRIMAVERA, VERTEMOS TÉMPERA DESTAS CORES POLO PAPEL CONTINUO, TAPAMOS CON DISCOS DE ALGODÓN E A GOLPEALOS! QUE OCORRE? QUE COR TIÑA DEBAIXO? COMO SE ESPALLA A PINTURA? LOGO CO VERDE PINTAMOS OS TALOS E AS FOLLAS DAS FLORES RESULTANTES, PERO... QUEN SE AGUANTA A EXTENDER A PINTURA COAS MANS OU A PINTAR AS MANS E EXTAMPALAS, ESTAMOS NUNHA ETAPA MOI SENSORIAL E ESTE TIPO DE ESTIMULACIÓN É MOI AGRADABLE.



NESTA ZONA DE TRABALLO, COMO PROPOSTA DE TRABALLO, SEMPRE HAI PAPEL A3 TÉMPERAS E CORES PARA PINTAR LIBREMENTE, OU CON ALGUNHA PROPOSTA RELACIONADA CO QUE ESTEMOS A TRABALLAR.



# TEMPO DE ENTROIDO

ESTE ANO, O ENTROIDO CHEGOU CON FORZA ÁS NOSAS ESCOLAS. EMPEZAMOS CEDO, XA QUE A IDEA FOI PERCORRER PARTE DA XEOGRAFÍA GALEGA PARA DESCUBRIR A ALGÚNS DOS PERSONAXES MÁIS RECOÑECIDOS DOS NOSOS ENTROIDOS. FOI UNHA VIAXE MOI ENRIQUECEDORA QUE ACHEGOU ÓS NENOS E NENAS A TRADICIÓN E COSTUMES PROPIOS DA NOSA CONTORNA. DESFRUTÁMOLO MOITO. ARRANCAMOS CUNHA SORPRESA EN FORMA DE ELEMENTOS DE DISFRACE PARA IR QUENTANDO MOTORES E COA GUÍA DE DOUS LIBROS IMPRESCINDIBLES : "É TEMPO DE ENTROIDO" E "NON PARE A FESTA. É TEMPO DE ENTROIDO 2".



TAMÉN USAMOS OBXECTOS DE ENTROIDO PARA ELABORAR UNHA INSTALACIÓN DE XOGO A TRAVÉS DA QUE, COMO EN TODAS AS INSTALACIÓNS, OFRECEMOS UN ESPAZO E UNS MATERIAIS COS QUE OS NENOS E NENAS PUIDERON CREAR NUMEROSAS POSIBILIDADES DE XOGO ESPONTÁNEO.



XA NA SEMANA PREVIA ÁS VACACIÓNS, FOI DIVERTIDO SEGUIR OS MANDATOS FESTEIROS DE RABUÑOSO E ACUDIR Á ESCOLA ADEREZADOS CON ENTROIDADAS.



A FESTA DE DISFRACES PECHOU A SEMANA CON BAILE , DIVERSIÓN, DOCES TÍPICOS E MOITA TROULA!



EN TODA A NOSA VIAXE POLOS ENTROIDOS GALEGOS, ACOMPAÑOUNOS RABUÑOSO. FIXO UNHA PARADA NA SÚA AVENTURA RÍO ABAIXO E ANIMOUSE A PERCORRER GALICIA. ASÍ PUIDO ENVIARNOS UN VÍDEO DE CADA UN DOS PERSONAXES QUE TRABALLAMOS NA AULA: AS MADAMAS E OS GALÁNS DE COBRES; OS VOLANTES DE CHANTADA; OS PELIQUEIROS DE LAZA; AS PANTALLAS DE XINZO ; OS BOTEIROS DE VIANA E OS XENERAIS DO ULLA. ( [https://www.youtube.com/watch?v=UbERino-Hkc&list=PLS488dcX\\_olEoKYvUcVDR-24slm8Zws-T](https://www.youtube.com/watch?v=UbERino-Hkc&list=PLS488dcX_olEoKYvUcVDR-24slm8Zws-T) ). NO APARTADO DE PROPOSTAS E TALLERES DE CADA ZONA DE APRENDIZAXE, DETALLAMOS ESTE TRABALLO.

## CONMEMORACIÓNS E CELEBRACIÓNS

DÍA DA PAZ

TRABALLAMOS CO CONTO "O LADRÓN DE PARAUGAS", E PARTINDO DEL, ELABORAMOS UN MURAL PARA POÑER NUNHA DAS PORTAS DA AULA.



## DÍA DOS NAMORADOS

LEMOS O CONTO "ADIVIÑA CANTO TE QUERO" E FALAMOS SOBRE O AMOR QUE SENTIMOS CARA OS NOSOS SERES QUERIDOS. TAMÉN FIXEMOS UNHAS TARXETAS PARA AGASALLAR A ALGUÉN MOI QUERIDO.



## DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

PARTINDO DA POESÍA "ADIÓS RÍOS, ADIÓS FONTES", ORDENAMOS "RÍOS" NUN TALLER DE MATEMÁTICAS

TAMÉN FIXEMOS UNHAS TARXETAS COA FLOR QUE MÁIS LLE GUSTABA A ROSALÍA, OS PENSAMENTOS, ENLAZÁNDOO CUNHA PALABRA QUE NOS RECORDE A ELA.

DURANTE A ÚLTIMA QUINCENA DE FEBREIRO LEVAMOS A CABO DIFERENTES ACTIVIDADES DIRIXIDAS A TRABALLAR A FIGURA DE ROSALÍA DE CASTRO.



VESTIMOS A ROSALÍA, COMPLETANDO O SEU CORPO A PARTIR DA SÚA CARA DADA PREVIAMENTE. RASGAMOS XORNAIS E COMPOÑEMOS CORPO E EXTREMIDADES, DÁNDOLE UN RETOQUE ELEGANTE, ÓS QUE ASÍ LLES APETECEU. CON ESTA PROPOSTA SEGUIMOS AFONDANDO NA APRENDIZAXE DO ESQUEMA CORPORAL, IMAXINACIÓN E COORDINACIÓN ÓCULO-MANUAL.



NAS PROPOSTAS DOS ESPAZOS DE MATEMÁTICAS E ARTE TRABALLAMOS CON ROSALÍA DE CASTRO.

E PARA LEMBRAR ESTA CELEBRACIÓN, PLANTAMOS PENSAMENTOS NAS ESCOLAS.



## CONTACONTOS CON CHARO PITA

RECIBIMOS A VISITA DE CHARO PITA, QUE VEU CONTARNOS HISTORIAS NAS QUE MESTURA CONTOS E MÚSICA



## DÍA DA MULLER

COMEZAMOS PREPARANDO A CELEBRACIÓN DESTE DÍA CANDO TODAS AS ESCOLAS DECIDIMOS PARTICIPAR NO CONCURSO DE CARTEIS PARA O 8 DE MARZO QUE ORGANIZA O CONCELLO DE MEIS.

PRIMEIRO FALAMOS SOBRE O QUE QUEREMOS PLASMAR NO NOSO CARTEL, E O PORQUE DA CELEBRACIÓN DESTE DÍA.



PARA TRABALLAR A IGUALDADE TAMÉN RECIBIMOS A VISITA DE JÉSSICA RODRÍGUEZ, A AUTORA DO CONTO "PEÚGO, O CALCETÍN MELENUDO". PASOU POLAS DIFERENTES ESCOLAS E CON ELA PASAMOS UN RATO ENTRETIDO, COÑECEMOS A HISTORIA DE PEÚGO E FIXEMOS UNS XOGOS MOI DIVERTIDOS



NA PRIMEIRA QUINCENA DE MARZO CELEBRAMOS A SEMANA DA PRENSA. FIXEMOS UN ACHEGAMENTO ÓS XORNAIS (IMPRESOS E DIXITAIS).

## SEMANA DA PRENSA

FIXEMOS UNHA INSTALACIÓN DE XOGO CON PAPEL DE XORNAL NA QUE PUIDEMOS VELOS, MANIPURLAS, "LELOS" E XOGAR CON ELES.



E APROVEITANDO OS XORNAIS, FIXEMOS O NOSO CADRO, TRABALLANDO A TÉCNICA DO COLLAGE E A PINTURA CON ACUARELA.

RASGAMOS, RECORTAMOS, PINTAMOS...



## DÍA DA ÁRBORE E DA AUGA

CELEBRAMOS ESTAS DÚAS DATAS CUNHA CONVIVENCIA COS NENOS E NENAS DA ESCOLA DE SAN VICENTE, ORGANIZANDO UNHA XORNADA CHEA DE ACTIVIDADES E BOS MOMENTOS.



PERO A PRINCIPAL PROPOSTA FOI A SAÍDA Ó REGATO QUE TEMOS PRETO, PODENDO ESTAR EN CONTACTO COA NATUREZA E A AUGA.

ANTES DE SAÍR ATOPAMOS UNHA CARTA DE RABUÑOSO E MÁXIC NA QUE NOS PROPOÑÍAN UN RETO, ATOPAR A ÁRBORE QUE LLE AXUDOU A MÁXICA A CURAR A FERIDA. UNHA "ÁRBORE MÉDICO" BAUTIZARONNA NA NOSA CLASE. CAL SERÍA? RABU PROPÚXONOS ENVISTIGAR SOBRE ELA E COMUNICARLLE O QUE DESCUBRAMOS. MERENDAMOS E FIXEMOS UNHA BATIDA DE RECOLLIDA DE LIXO, NON O IMAXINABAMOS, PERO MOITO RECOLLEMOS.





# ANIVERSARIOS

ESTE TRIMESTRE ESTIVERON DE ANIVERSARIOS OS COMPAÑEIROS AARÓN E ADRIÁN.



FELICIDADES!



CADA UN CELEBROU O SEUS ANOS DE VIDA NO DÍA DO ANIVERSARIO, E DESPOIS XUNTO CON VALERIA E LIAM (DA AULA DE ARRIBA) INVITÁRONNOS A UNHA GRAN MERENDOLA.



# PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO

DURANTE ESTE CURSO ESTAMOS A DESENVOLVER UN PROXECTO ANUAL QUE TEN COMO PUNTO DE PARTIDA A BIBLIOTECA DO NOSO CRA. Ó LONGO DOS TRES TRIMESTRES ABORDAMOS ASPECTOS RELACIONADOS CO COÑECEMENTO DA NOSA CONTORNA E, SOBRE TODO, AS ÁRBORES E VEXETACIÓN QUE FORMAN PARTE DELA.

PARTIU DUNHA AVENTURA DE RABUÑOSO, XUNTO CON NATURIZO E MÁXICA, QUE MENTRES XOGABAN EN PORTAPISÓN COÑECERON A UN CARBALLO Ó QUE LLE CAÍAN AS FOLLAS E MARCHABAN POLO RÍO ABAIXO...

(<https://www.youtube.com/watch?v=4UdqpvPH2kE> ). E POLO RÍO ABAIXO TAMÉN MARCHARON OS NOS@S AMIG@S, SEGUÍNDOS... NACENDO ASÍ UNHA INVESTIGACIÓN, NA QUE OS NEN@S DA ESCOLA SON OS INVESTIGADORES, XOGANDO CON PISTAS E COMUNICACIÓN CONTINUA CON RABUÑOSO E MÁXICA. BUSCARÁN DAR RESPOSTAS ÓS MÚLTIPLES INTERROGANTES QUE VAIAN XURDINDO NESTA AVENTURA.



ENLAZAMOS ESTA IDEA COA NOSA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA PROXECTO RÍOS EN COLABORACIÓN CO CPI DE MOSTEIRO E, DESTE XEITO, TAMÉN ABORDAR O COÑECEMENTO DESTE ELEMENTO NATURAL E DA SÚA FAUNA E FLORA.

COMEZAMOS XA NO TRIMESTRE PASADO RECIBINDO TAMÉN UNHA CARTA DE MÁXICA E RABUÑOSO, E FACENDO OS NOSOS CARNÉS DE INVESTIGADORES.



A TRAVÉS DE DIFERENTES SAÍDAS Á CONTORNA PUIDEMOS COÑECER E RECOÑECER DISTINTAS ÁRBORES, AVANZANDO NO COÑECEMENTO DAS SÚAS DISTINTAS CARACTERÍSTICAS: PARTES (FOLLAS, RAMAS, TRONCO, FLORES, FROITO...), USOS E UTILIDADES, ALGÚN ELEMENTO CULTURAL RELACIONADA, COMA UNHA CANTIGA, CONTO, REFRÁN...



DO CASTIÑEIRO APRENDEMOS MOITAS COUSAS: COMO PODEMOS COMER CASTAÑAS, A QUE ANIMAIIS LLE GUSTAN MOITO E ATA PARA QUE SE USA A SÚA MADEIRA. TAMÉN INVESTIGAMOS SOBRE O LOUREIRO E DESCUBRIMOS COMO CHEIRA E OS SEUS USOS NA COCIÑA.



FIXEMOS SAÍDAS E BUSCAMOS  
CASTIÑEIROS, CARBALLOS E  
LOUREIROS.



CON MOTIVO DA CONVIVENCIA COA ESCOLA DE SAN VICENTE E DA CELEBRACIÓN DO DÍA DOS BOSQUES E DA AUGA, RECIBIMOS OUTRA CARTA DE RABUÑOSO E UNS RETOS: UN PUZZLE E UNHAS LETRAS QUE DEBIAMOS ORDENAR PARA SABER QUE ÁRBORE BUSCAR. Ó RESOLVELO PUXÉMONOS EN MARCHA PARA ATOPAR O AMENEIRO.



APROVEITAMOS PARA PLANTAR OS FROITOS DESTAS ÁRBORES PARA PODER FACER UN SEMENTEIRO E VER COMO É O PROCESO DE CRECEMENTO E O SEU COIDADO.



PLANTAMOS UNHA  
CASTAÑA, DIFERENTES  
TIPOS DE LANDRAS E  
SEMENTES DE PRADAIRO.



OS COMPAÑEIROS DO CPI NOS  
AGASALLARAN CUN PEQUEÑO  
PRADAIRO QUE NESTES  
ÚLTIMOS DÍAS TIVEMOS QUE  
CAMBIAR DE MACETA.



A MODO DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN ESTAMOS A ELABORAR UN HERBARIO RECOLLENDO AS DIFERENTES ÁRBORES TRABALLADAS.



## VOZ NATURA

DENDE VOZ NATURA, SEGUIMOS A PROMOVER O COIDADO DA CONTORNA, DADA A SÚA IMPORTANCIA NA VIDA DAS PERSOAS E ANIMAIS. DURANTE ESTE TRIMESTRE LEVAMOS A CABO ACTIVIDADES RELACIONADAS CO RESPECTO E COIDADO DA NOSA CONTORNA, ORGANIZANDO UNHA SAÍDA PARA RECOLLER LIXO PRESENTE NA MESMA PARA A SÚA POSTERIOR CLASIFICACIÓN E RECICLAXE.



E CONTINUAMOS ADQUIRINDO APRENDIZAXES NAS NOSAS HORTAS, PROPORCIONANDO BOS COIDADOS: QUITAR HERBAS MALAS, REGAR INCORPORANDO NOVOS PRODUTOS DE TEMPADA, COMO FORON NESTE TRIMESTRE: CEBOLAS, ALLOS, DISTINTOS TIPOS DE VERDURAS, AMORODOS, PEMENTOS E TOMATES....



ADEMÁIS, CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO DÍA DE ROSALÍA, COMPRÁRONSE MACETAS, TERRA E PENSAMENTOS, QUE ERA A SÚA FLOR FAVORITA, PARA DECORAR AS NOSAS ESCOLAS



## Memoria psicomotoricidade 2º trimestre

Neste 2º trimestre dende esta area seguimos acompañando o proceso de maduración do alumnado a través do movemento e da súa acción. En termos curriculares podemos falar de que *CORPO* e *XOGO* seguen a ser os principais contidos, así como o eixo metodolóxico sobre o que xiran as nosas propostas.

Moitos dos xogos e propostas seguen a ser de natureza sensoriomotora (actividades que implican xiros, saltos, caídas, balanceos, equilibrios...), xogos de persecución, de esconderse ou de destrución e construción.



Sesión "O agasallo" na que á volta de nadal o alumnado se atopa con unha gran caixa. Na fase de acollida, a maioría manifesta que lles gustaría que estivera chea de xoguetes mais o seu contido (material de refugallo e algún que outro material de psicomotricidade) resultou ser ben divertido.

A través desta sesión traballamos materias como o consumismo ou a reciclaxe, reflexionando sobre se é necesario ter tantos xoguetes como os que lles trouxeron en Nadal para poder desfrutar do xogo.

Mais imos máis alá na identificación do propio "eu" do neno nun contexto de xogo social no que ten que compartir espazos, dinámicas de xogo e mesmo cooperar para acadar tanto obxectivos individuais coma comúns. Así mesmo introdúcense xogos regrados que requiren unha atención e comprensión da norma cada vez maior.



Este xogos poden ser propostos, coma na primeira imaxe, onde cantando unha rima van agarrando diferentes partes do corpo antes de chegar á pelota, intentando atrapala antes que o compañeiro.  
Ou xorden de xeito espontáneo nas propostas libres e ambientes de aprendizaxe, ben establecido polos propios espazos e materiais, ben como resultado dun acordo común, ou mediante provocacións e a mediación do adulto.



Na primeira parte da sesión, nos momentos de acollida e animación, foi necesario incluír actividades de movemento que invitasen á calma e ao autocontrol tanto emocional coma, e por extensión, corporal. O nivel de intensidade do grupo adoita ser alto, sobre todo á volta de vacacións e pontes.



Traballamos a contención, o sentirse seguros, o equilibrio emocional, tanto a través da palabra coma do movemento controlado. As emocións condicionan o movemento.  
Este traballo das sensacións internas e do tono muscular logo é levado á acción tanto nas propostas de exploración libre coma nas tarefas asignadas. No exemplo podemos ver esta consciencia corporal ao intentar pasar polos aros sen derrubalos ou ao intentar coller obxectos.

O Entroido foi o contido transversal que nos valeu como gran centro de interese para poñer en practica habilidades e destrezas varias. Tanto a través do xogo simbólico coma da dramatización e expresión corporal nas clases de "psico" coláronse peliqueiros, pantallas, boteiros e mesmo osos.

**PELIQUEIROS**



**FARRAPADA**




**OSO DE SALCEDO**

**CONSTRUIR PUCHOS PARA BAILAR DESFAZADOS DE VOLANTES**



**BOTEIRO**



**XOGO DE CORRER O GALO (COBRES)**



Os contos e a música tamén estiveron presentes este trimestre a través de libros coma *El gran libro de los deportes de Gerónimo Stilton* ou o de *A princesa do Caurel*. Nas últimas semanas convertémonos nas diferentes personaxes deste conto e coas que traballamos diversas habilidades coordinadas mediante xogos de precisión, tamén o corpo e as súas capacidades expresivas a través do xogo simbólico e xogo de roles, pero sobre todo a orientación do corpo no espazo, xa que estas cabritas tiveron que ir ata ao Caurel devolverlle o anel perdido á princesa, pasando por diferentes camiños e sorteando diversidade de obstáculos e perigos.



## MÚSICA. 2º TRIMESTRE (2021-22)

ADEMAIS DE XOGOS RÍTMICOS, CANCIÓNS CON BAILE E XESTOS, CANCIÓNS MOTORAS... NESTE SEGUNDO TRIMESTRE OS CONTOS SON OS PROTAGONISTAS DAS SESIÓNS DE MÚSICA. LEMOS O CONTO, CANTAMOS A CANCIÓN, ACOMPAÑAMOS CON INSTRUMENTOS, BAILAMOS E, POR ÚLTIMO, DRAMATIZÁMOLO. ASÍ FIXEMOS CON HISTORIAS COMO: CHIBOS CHIBÓNS, A PRINCESA DO CAUREL, OS TRES PORQUIÑOS, A MELLOR SOPA DO MUNDO...

A MÚSICA É UNHA FERRAMENTA EXCELENTE PARA FOMENTAR RELACIÓNS, GOZAR XUNTOS, COLABORAR, IDENTIFICAR EMOCIÓNS, DESENVOLVER A MOTRICIDADE GROSA E FINA, MELLORAR A EXPRESIÓN CORPORAL, A EXPRESIÓN ORAL, A MEMORIA, A ATENCIÓN, A CREATIVIDADE...









## LINGUA ESTRANXEIRA

NAS CLASES DE LINGUA ESTRANXEIRA UTILIZAMOS CANCIÓNS, CONTOS, VÍDEOS E MATERIAIS DA CLASE PARA APRENDER VOCABULARIO E EXPRESIÓNS SINXELAS.

NO SEGUNDO TRIMESTRE APRENDIMOS E REPASAMOS OS NÚMEROS DO 1 AO 5/10 A TRAVÉS DAS CANCIÓNS: *"HOW MANY FINGERS"*, *"FIVE LITTLE MONKEYS"*, *"FIVE LITTLE DUCKS"* ENTRE OUTRAS, DIVERSOS VIDEOS E XOGOS COS MATERIAIS DAS AULAS.

UTILIZAMOS EXPRESIÓNS COMA: *"WHAT NUMBER IS THIS? IT IS A..."*, *"HOW MANY...?"*



TAMÉN APRENDIMOS O **TEMPO** UTILIZANDO BLOQUES LÓXICOS, FLASHCARDS E CANCIÓNS COMA "HOW IS THE WEATHER?" ENTRE OUTRAS E DIVERSOS VIDEOS DE STEVE AND MAGGIE. UTILIZAMOS EXPRESIÓNS COMA: "WHAT'S THE WEATHER LIKE? IT IS RAINING", HOW IS THE WEATHER?".



APRENDIMOS E REPASAMOS AS PARTES DO CORPO BAILANDO E CANTANDO: "HEAD, SHOULDERS, KNEES AND TOES", "ONE LITTLE FINGER", "SHAKE IT OUT", "THIS IS ME" ENTRE OUTRAS E DIVERSOS VIDEOS DE STEVE AND MAGGIE APRENDENDO VOCABULARIO COAS FLASHCARDS E O NOSO CORPO; TAMÉN XOGANDO A "SIMON SAYS: TOUCH YOUR HEAD, NOSE, ETC".



VIMOS TAMÉN A **ROUPA** CON AS FLASHCARDS, VIDEOS DE STEVE AND MAGGIE E CANCIÓNS COMA: "CLOTHES SONG", "WHAT ARE YOU WEARING TODAY?".

ESCOLA DE SAN TOMÉ 2: ACTIVIDADES RELIXIÓN 2º TRIMESTRE

Durante o 2º trimestre, en relixión, traballamos os seguintes contidos:

- Celebración do día escolar da paz e da non violencia.
- Coñecemos outras realidades.
- A familia de Xesús.
- Os amigos de Xesús: os apóstolos.
- O apóstol Santiago e a Catedral de Santiago.




- Contamos o conto “Soy pacífico”, onde aprendemos como poñer o noso gran de area para facer a paz na nosa escola, cos nosos amigos, na nosa familia...



- Fixemos un folio xiratorio no que debuxamos cousas que para nós representan a paz.
- Cunha chuvia de ideas, engadimos palabras que nos levan a construír a paz.





- Contamos o conto “Leonor y la paloma de la paz”.
- Pintamos unha “tarxeta” con cousiñas de paz para os nosos amigos.



- A través de imaxes, coñecemos realidades doutros países comparándoas coa nosa realidade: escolas en países subdesenvolvidos, como consiguen a auga, nenos que se ven obrigados a traballar...



- Debuxámonos arredor do mundo. Queremos ser amigos dos nenos doutros países que teñen unha realidade moi diferente á nosa.



- A través de marionetas, coñecemos á familia de Xesús.
- Coloreamos un debuxo de todos eles.





- Coñecemos a historia de como Xesús coñeceu aos seus amigos e decoramos un folio para facer un barquiño.

- Coñecemos a historia de Santiago e tamén a Catedral.



- Puxémoslle ao noso barco a bandeira co símbolo de Santiago e o número 12 (dos 12 apóstolos, amigos de Xesús).



# ATENCIÓN EDUCATIVA



Nas sesións de atención educativa, tomamos como orixe do noso traballo, os centros de interese: "días especiais, momentos e vivencias da nosa contorna e doutros contextos máis afastados".

Utilizaremos como técnicas: choivas de ideas, reflexións, representacións gráficas a través do debuxo, modelado con plastilina, etc.

Neste segundo trimestre conmemoramos o "Día da Paz", a través da lectura do conto: "A guerra dos números", decoramos a Pomba da paz e traballamos o símbolo da paz que o representa

Tamén celebramos o Entroido, falando da forma de celebración tradicional galega e elaboramos máscaras de entroido.

Doutra banda, profundamos en valores como: a sinceridade, a verdade e o seu oposto: a mentira; valores cos que convivimos e desenvolvémonos. Para iso, utilizamos o conto: "Sinceridade", que nos permite sentir a través dos seus personaxes estes valores.

